

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA E OS SETE COLEXIOS DE AVOGACÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DURANTE O ANO 2023

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Don **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don **Augusto José Pérez-Cepeda Vila**, actuando en nome e representación tanto do Consello da Avogacía Galega, do que é Presidente, así como do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña, do que é Decano, de acordo cos estatutos de ambas institucións, aprobados por Decreto 130/1993, de 3 de xuño, polo que se aproba a creación do Consello de Avogacía Galega e pola Orde do 24 de maio de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña, respectivamente.

Don **José Félix Mondelo Santos**, Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 59.2 dos seus estatutos, aprobados pola Orde do 17 de outubro de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio Provincial da Avogacía de Lugo.

Dona **Pilar López-Guerrero Vázquez**, Decana do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 40 dos seus estatutos, aprobados pola Orde do 1 de setembro de 2004, pola que se aproban os estatutos do Colexio Provincial de Avogados de Ourense.

Dona **Gema Rial Rodríguez**, Decana do Ilustre Colexio de Provincial da Avogacía de Pontevedra, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 36 dos seus estatutos, aprobados pola Orde do 3 de agosto de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio de Provincial da Avogacía de Pontevedra.

Don **Francisco José Rabuñal Mosquera**, Decano do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 66 dos seus estatutos, aprobados pola Orde do 3 de agosto de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

Dona **Lourdes Carballo Fidalgo**, Decana do Ilustre Colexio de Avogacía de Vigo, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 69 dos seus estatutos, aprobados pola Orde do 3 de agosto de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo.

Don **Luis Torres Foira**, Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, actuando no seu nome e representación de acordo co artigo 54 dos seus estatutos.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- O artigo 24 da nasa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

SEGUNDO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial recoñeza ou atribúa ao Goberno do Estado, que non entren no núcleo da Administración de xustiza en sentido estrito. No eido de aplicación da dita cláusula subrogatoria do Estatuto de Autonomía, atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia. Entre as funcións traspasadas polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de

procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

TERCEIRO.- O Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de avogados da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 130/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias que o Consello Xeral da Avogacía Española no ámbito territorial de Galicia. As súas competencias son, fundamentalmente, as que ten atribuídas o Consello Xeral da Avogacía Española, en todo canto teña ámbito ou repercusión soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre outras cuestións, de conformidade co disposto nos seus estatutos, ten competencia, entre outras, para fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación coa profesión de avogado, e colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio.

CUARTO.- Os Ilustres Colexios Provinciais da Avogacía da Comunidade Autónoma de Galicia son corporacións de dereito público amparados pola lei e recoñecidos polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Na Comunidade Autónoma de Galicia hai sete colexios de avogados, que son os de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.

QUINTO.- A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, regula o dereito asistencia xurídica gratuíta, e establece no seu artigo 38 que o Ministerio de Xustiza subvencionará os colexios de avogados para a implantación e funcionamento dos servizos de orientación xurídica. Polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, transferíronselle á Comunidade autónoma de Galicia as funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, incluíndo no seu anexo letra B) núm. 1 c) as relativas á indemnización das actuacións correspondentes á defensa por avogado en quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia, e a asistencia letrada ó detido ou preso cando o lugar de custodia estea situado en territorio da Comunidade autónoma. Estas funcións foron asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, e asignadas á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, actualmente atribuídas á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

SEXTO.- Que é desexo da Xunta de Galicia contribuír ao funcionamento do servizo de orientación xurídica para os demandantes da asistencia xurídica gratuíta ante os colexios de avogados, no marco do recoñecemento deste dereito pola mencionada Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, concretamente nos artigos 6 e 22 da referida norma, e mais o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se

aprobou o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, coa previsión que a norma regulamentaria recolle nos seus artigos 28 e 45; todo isto co obxecto de procurarlle o acceso á xustiza a aqueles cidadáns que doutro xeito poderían ver diminuídos os seus dereitos por motivos económicos.

SÉTIMO.- Que é vontade do Consello da Avogacía Galega a procura do axeitado funcionamento do devandito servizo de orientación xurídica en todos os colexios de avogados que o integran, actuando como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento do servizo de asistencia xurídica e a quenda de oficio.

OITAVO.-As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

NOVENO.- A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular da subvención e razóns de interese público, social e humanitario, calé o caso no que o interese prioritario é dotar aos servizos de orientación xurídica gratuíta dos colexios de avogados de Galicia, dos medios económicos precisos para o desenvolvemento da súa labor de atención aos cidadáns demandantes de asistencia xurídica gratuíta, dereito fundamental garantido polo xa mencionado artigo 24 da nosa Constitución.

En consecuencia con todo o anteriormente exposto, as partes estiman conveniente desenvolver unha colaboración en común, para o que acordan subscribir o presente Convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto do convenio.

Este convenio ten un dobre obxecto: primeiro, establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega, que exercerá como entidade

colaboradora para a xestión e distribución dos fondos destinados a financiar o servizo de orientación xurídica ofrecido polos sete colexios de avogados da Comunidade

Autónoma de Galicia. E segundo, establecer a forma en que os beneficiarios da subvención recollida neste convenio, os sete colexios de avogados da Comunidade Autónoma de Galicia, deben xustificar os fondos percibidos e as súas abrigas para coa entidade colaboradora e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Enténdese por Servizo de Orientación Xurídica (**SOX**) a prestación do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses, no marco da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuítas, e o Decreto da Xunta de Galicia 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento.

Segunda.- Obrigas da entidade colaboradora.

O Consello da Avogacía Galega, órgano representativo dos colexios de avogados da nosa Comunidade Autónoma, actuará como entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para distribuír a correspondente subvención entre os sete colexios que o integran.

O Consello da Avogacía Galega ten as seguintes obrigacións, segundo o establecido nos artigos 12 e 13 da Lei 9/2007:

- Ser o depositario dos fondos transferidos e entregalos e distribuílos en función do número de expedientes de asistencia xurídica gratuítas tramitados por cada colexio e a correlativa facturación de cada un deles así como tamén polo número de colexiados de cada corporación, criterios asentados desde o ano 2001 coñecidos e compartidos polo pleno do Consello da Avogacía Galega. En ningún caso os fondos depositados se considerarán integrantes do seu patrimonio.
- Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos distribuídos entre os colexios de avogados.
- Transferir aos colexios de avogados as cantidades que lles correspondan no prazo dun mes desde a súa recepción. Unha vez verificado, remitir á Dirección Xeral de Xustiza certificación asinada electronicamente polo Secretario-Tesoureiro, xunto con copia das comunicacións bancarias, co que se entenderá acreditado o pagamento.
- Levar a contabilidade das cantidades recibidas, pagadas e xustificadas, mediante un libro ou rexistro electrónico, de forma separada, e como anexos os criterios de reparto e copia dos documentos contables remitidos polos colexios para a xustificación dos pagamentos. O arquivo e os documentos estarán en todo momento a dispor da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

en forma electrónica.

- Xustificar, cos correspondentes xustificantes das transferencias de fondos, ante a Dirección Xeral de Xustiza, a súa entrega, e no suposto de existir remanentes de fondos non distribuídos, a súa devolución antes do 27 de decembro de 2023.
- Acreditar a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- Reintegrar ao Tesouro Público de Galicia dos fondos transferidos pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no caso de incumprimento dos requisitos e abrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

Terceira.- Obrigas dos beneficiarios.

De acordo co artigo 8 da Lei 9/2007, teñen a condición de beneficiarios da subvención deste convenio os sete colexios de avogacía da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo persoal leva a cabo o servizo de orientación xurídica.

Os sete colexios de avogacía teñen as seguintes obrigacións, segundo o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007:

- Realizar as actividades previstas no obxecto deste convenio de forma adecuada e dilixente.
- Xustificar ante o Consello da Avogacía Galega o emprego dos fondos que lle foron asignados, mediante facturas e documentos acreditativos do seu pagamento, así como o resto de abrigas esixidas na normativa reguladora.
- Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

Con anterioridade ao libramento dos fondos, e segundo establece o artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, os colexios de avogados presentarán unha declaración do conxunto de axudas solicitadas -tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución- para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do

Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e abrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais abrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007.

Cuarta.- Créditos orzamentarios e contías derivados do convenio.

O presente convenio financiarase con cargo aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o ano 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.1 (código de proxecto 2015 00105). Os fondos previstos no presente convenio poderán financiar total ou parcialmente os gastos derivados do funcionamento do servizo obxecto deste convenio durante o ano 2023, a través do Consello da Avogacía Galega, que terá a consideración de entidade colaboradora, cunha cantidade máxima de **CENTO CORENTA E CINCO MIL (145.000,00 €)**, que será librada ao devandito consello, no momento da firma do convenio e que non se integrará no seu patrimonio, previa a xustificación sinalada no cláusula terceira. En ningún caso procederase ao aboamento de compensación ao Consello da Avogacía Galega pola súa actuación como entidade colaboradora.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que o Consello da Avogacía Galega e unha institución sen ánimo de lucro, o citado Consello queda exonerado da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A cantidade obxecto desde convenio será transferida a unha conta bancaria destinada unicamente á xestión dos fondos públicos destinados á xestión da xustiza gratuíta, que levará por título "Gastos de organización, administración y gestión colegios de los servicios de asistencia letrada al detenido y defensa gratuitas". Os eventuais intereses xerados serán destinados á xestión do obxecto deste convenio e a súa transferencia ou aplicación requirirá un acto expreso que se incorporará ao expediente.

En todo caso, a cantidade máxima que se abriga a chegar a Vicepresidencia Primeira

e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia antes citada.

Quinta.- Capacidade.

Previamente á formalización do presente convenio, os colexios de avogados presentaron ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

Sexta.- Prazos e forma de abono e de xustificación.

A xustificación dos gastos realizarase a través de canta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente do Consello da Avogacía Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente do Consello da Avogacía Galega, dos gastos realizados polo propio Consello e polos colexios de avogados de Galicia, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando formen parte da canta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a canta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade abrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu

ingreso no período voluntario; en todo

caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- Relación de axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das abrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas abrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 15 de decembro de 2023, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 27 de decembro de 2023.

Sétima. Control

O Consello da Avogacía Galega e os colexios de avogados someteranse ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lles poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa achega económica realizada.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación.

Ademais, o Consello da Avogacía Galega someterase ás actuacións de comprobación e control polo Consello de Cantas, o Tribunal de Cantas e os órganos competentes, tanto estatais como comunitarios, de ser o caso.

Oitava. Publicidade e confidencialidade da información e dos resultados.

O Consello da Avogacía Galega comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas.

Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se retire

ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán abrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Novena. Comisión de seguimento do convenio.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pala boa marcha do mesmo.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Un representante do Consello da Avogacía Galega.
- Un representante de cada un dos colexios de avogados.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Asistencia xurídica gratuíta da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirse cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes.

Décima. Vixencia do convenio.

O presente convenio producirá efectos a partir da súa sinatura, ata o cumprimento

palas partes dos deberes asumidos. En ningún caso excederá o 30 de decembro de **2023**.

Décimo primeira. Natureza xurídica e cuestións litixiosas.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase palas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A arde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Modificacións e resolución do convenio.

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, senda de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Os colexios de avogados poderán solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento non varíe.

As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita palas mesmas autoridades que asinan este, se as partes consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pala necesidade de dotar unha maior achega económica ao mesmo e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o

permiten.

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) Pala desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio ou polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda - illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o Consello Galega da Avogacía poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención pagada, mediante o seu ingreso na correspondente conta da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, o beneficiario deberá presentar ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.

Décimo cuarta. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as abrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

Décimo quinta. Normativa de aplicación.

A normativa pala que se rexe a subvención xestionada pala entidade colaboradora está

integrada pola seguinte lexislación:

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E en proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA
E DEPORTES

Diego Calvo Pouso

POLO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA
E O ILUSTRE COLEXIO PROVINCIAL DE
AVOGADOS DA CORUÑA

Augusto José Pérez-Cepeda Vila

POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE LUGO

José Félix Mondelo Santos

POLO ILUSTRE COLEXIO PROVINCIAL DA
AVOGACÍA DE PONTEVEDRA

Gema Rial Rodríguez

POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE FERROL

Luis Torres Foira

POLO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA
DE OURENSE

Pilar López-Guerrero Vázquez

POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Francisco José Rabuñal Mosquera

POLO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA
DE VIGO

Lourdes Carballo Fidalgo